



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Webinario A Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia

CONVOCATORIA: Webinario A Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	2
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	MIXTO	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 29/03/2022 - 08:00h ao 04/04/2022 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A Comunidade Autónoma de Galicia vén experimentando nas últimas décadas un importante proceso de transformación demográfica, socioeconómica e cultural. Os trazos máis salientables da súa dinámica demográfica, compartidos co resto de España, Europa e os países desenvolvidos, son, por unha parte, o incremento da esperanza de vida e, por outra, a variación da fecundidade, que en Galicia, como en todas as sociedades avanzadas, diminuíu nos últimos sesenta anos, malia que aquí dun xeito máis rápido e marcado.

A necesidade dunha abordaxe máis profunda dos efectos derivados do cambio demográfico e dun compromiso estratéxico que permita establecer medidas de xestión estables a medio e longo prazo promoveu a aprobación da Lei de impulso demográfico de Galicia, que ten o obxectivo de servir como marco e orientación das actuacións en materia demográfica para favorecer un desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable e territorialmente equilibrado.

O obxectivo do webinario é dar a coñecer o contido da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, e os criterios que impulsan as políticas públicas e actuacións en materia demográfica.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e das súas entidades públicas instrumentais; da Administración institucional; da Administración local, da Administración de xustiza, e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

PROGRAMA

Sesión de telepresenza sobre o tema indicado na descrición e obxectivos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo cos criterios indicados na base segunda da convocatoria respecto das persoas destinatarias. A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo co establecido na base segunda da convocatoria respecto das persoas destinatarias.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área na que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar en nome do curso: Webinario A Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 21/04/2022 a 21/04/2022

NUM. PRAZAS: 100

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

ALBERTO VÁZQUEZ SANMARTÍN

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sala telepresenza: O día 21 de abril de 12:00 a 14:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: O día 21 de abril de 12:00 a 14:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: O día 21 de abril de 12:00 a 14:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>